



I.E.S. A XUNQUEIRA 1



PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN



**XUNTA
DE GALICIA**

INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA
A XUNQUEIRA I



Alexandre Bóveda s/n
36005 Pontevedra
Tfno.- 886159721

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 26 de xuño de 2026

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 29 de xuño de 2026

DATA 1ª REVISIÓN:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO:

Denominación: Instituto de Ensino Secundario IES A Xunqueira I.

Enderezo: Rúa Alexandre Bóveda s/n, 36005 Pontevedra

Código do Centro: 36013761

Teléfono: 886 159 721

Correo electrónico: ies.xunqueira.1@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://centros.edu.xunta.gal/iesxunqueira1/es>

INDICE

1. DESCRICIÓN DO CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO DO CENTRO	4
1.1.SITUACIÓN E CONTORNA	4
1.2. INSTALACIÓNS	4
1.3. SERVIZOS.....	5
1.4. OFERTA EDUCATIVA E ALUMNADO	5
1.5. PROFESORADO	8
1.6. PERSOAL NON DOCENTE	9
2. FERRAMENTAS E METODOLOXÍA EMPREGADAS NA ANÁLISE	10
2.1. ALUMNADO	10
2.2. PROFESORADO	10
2.3. FAMILIAS.....	10
3. CONCLUSIÓNS SOBRE A SITUACIÓN DO CENTRO A NIVEL DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN	11
3.1. PROFESORADO	11
3.2. ALUMNADO	13
3.3. FAMILIAS.....	16
3.4. SÍNTESE GLOBAL DO CENTRO	17
4.- OBXECTIVOS PLEA DO IES A XUNQUEIRA I.....	19
5. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS	21
5.1. Resumo estatístico da enquisa ao profesorado	21
4.2. Resumo estatístico da enquisa ao alumnado.....	21
4.3. Resumo estatístico da enquisa ás familias	22

1. DESCRICIÓN DO CONTEXTO SOCIOEDUCATIVO DO CENTRO

Consultado o PEC, a PXA, os distintos Plans e Proxectos nos que participa o centro, podemos extraer os seguintes datos:

1.1. SITUACIÓN E CONTORNA

A denominación oficial do centro é Instituto de Ensino Secundario “A Xunqueira I”. É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Foi creado no curso 1978-79 como terceiro centro de bacharelato da cidade de Pontevedra.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centros de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade, próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos “masculino” e “feminino” da cidade.

O IES “A Xunqueira I” atópase situado na rúa Alexandre Bóveda, de Pontevedra. Encóntrase nunha zona estudantil e deportiva, a carón doutros centros de primaria e secundaria, dun CIFP (onde se ofertan ciclos de electricidade, madeira, servizos socioculturais e de mantemento de vehículos), facultades do Campus de Pontevedra, CFR e Escola Oficial de Idiomas. A poucos metros atópase a sede da Policía Local de Pontevedra.

Os centros adscritos ao noso instituto serían: CEIP A Xunqueira I, CEIP Parada de Campañó, CEIP San Benito de Lérez e CEIP Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro. O alumnado do IES de Barro tamén sería centro adscrito para o alumnado que continúe estudos de bacharelato.

1.2. INSTALACIÓNS

O centro está situado nunha parcela duns 19.000 m², onde destacan un edificio principal duns 2.600 m² de planta e un pavillón de deportes duns 800 m². Dispón de campos de deportes de extensión adecuada para o alumnado existente e zonas verdes para o lecer.

O acceso ao centro, tanto para peóns como para vehículos, faise dende a rúa Alexandre Bóveda e pode considerarse bo. Na parte traseira do recinto existe un acceso peonil.

En canto ao edificio escolar, debemos indicar que se trata dun centro accesible, con ramplas de acceso e un ascensor que comunica todos o seus andares.

O centro dispón dunha cafetería de dimensións aceptables.

As aulas comúns teñen unha superficie media de 54 m². Todas as aulas están dotadas de ordenador e panel dixital, e as que non teñen panel dixital teñen PDI ou proxector.

Actualmente o centro organízase en aula materia polo que o alumnado cambia de clase cada 50 minutos. Debido ao número insuficiente de aulas non é posible ter un aula por docente polo que estes teñen que compartir o espazo. Amais da distribución de aulas materia, existen tradicionalmente aulas específicas como son as de Debuxo Técnico, Debuxo Artístico, Volume, Informática (2), Música (2), Tecnoloxía (2) e os laboratorios de Ciencias Naturais, Física e Química, Análise, Ensaíos e Microbioloxía.

Para a celebración de reunións, conferencias, concertos, representacións teatrais, etc. utilízase a chamada Aula de Usos Múltiples, que ten numerosas columnas polo medio, mala acústica e o teito moi baixo.

Por último é importante sinalar que o centro forma parte do PLAMBE dende o curso 2017/18 e do proxecto de Polos Creativos dende o curso 2022/23. Así o centro conta no seu andar inferior con unha ampla aula destinada ao desenvolvemento de proxectos arredor do Polo Creativo, unha zona de radio escolar e a biblioteca do centro que conta, a maiores, cunha zona semi-exterior.

1.3. SERVIZOS

Transporte

Case a metade do noso alumnado é usuario do transporte escolar. O noso centro educativo conta con cinco rutas autorizadas de transporte escolar. Estas serían:

1. Ruta ED361313 DEVESA - PASEO PEONIL (ROTONDA A BARCA)	4. Ruta: ED361316 SAN ISIDRO - LÉREZ (IGREXA)
2. Ruta : ED361304 REIRIZ – MÉDICO BALLINA (LG. DE PIDRE)	5. Ruta ED361302 GABIAN PALOMAR-CRUCERO DE ABAIXO
3. Ruta : ED361314 CIMA DE VILA – FARMACIA EMPALME LÉREZ	

Cafetería

O servizo de xestión e explotación da cafetería corresponde a María Luz Rodríguez Simal, NIF 3532396N. O horario de apertura da cafetería é de 9:00 a 14:30.

Servizo de comedor

O centro ten un servizo de comedor de xestión indirecta os luns. Dito servizo é prestado pola empresa Mediterránea de Cátering SL.

1.4. OFERTA EDUCATIVA E ALUMNADO

Oferta educativa

O IES Xunqueira I conta tradicionalmente con tres liñas ao longo de toda a etapa da ESO e cinco en Bacharelato. No actual curso escolar contamos cun total de 24 unidades (1º ESO: 3 unidades, 2º ESO: 4

unidades, 3º ESO: 3 unidades, 4º ESO: 4 unidades, 1º Bacharelato: 4 unidades, 2º Bacharelato: 4 unidades, 1º Ciclo Medio en Operacións de Laboratorio: 1 unidade, e 2º Ciclo Medio en Operacións de Laboratorio: 1 unidade).

Existen Seccións Bilingües en Inglés en 2º ESO (Música) e en 3º ESO (Proxecto Competencial). No referente ao apoio ás linguas, contamos cun auxiliar de conversa en lingua inglesa e outro, compartido co IES A Xunqueira II, en lingua francesa. Tamén temos o CUALE en francés onde se forma ao alumnado para acreditar o seu nivel en dito idioma, tanto a través da Escola Oficial de Idiomas como da Alianza Francesa (DELF). Con respecto á oferta educativa do Bacharelato, o noso centro oferta os itinerarios Científico-Tecnolóxico, o itinerario de Ciencias Sociais e Humanidades e o itinerario en Artes, tanto na vía Musical e Artes escénicas coma na vía en Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.

Para finalizar coa oferta educativa, no Centro tamén se oferta o Ciclo Medio en Operacións de Laboratorio.

Alumnado

O centro durante o presente ano académico conta con un total de 626 alumnos e alumnas, o que representa un parón no incremento de alumnado que estivemos a experimentar nos últimos cinco anos.

NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR CURSO								
CURSO	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH	CICLO MED	TOTAL
2021-22	90	91	82	85	121	112	36	617
2022-23	116	87	104	84	130	118	37	676
2023-24	89	104	90	113	118	131	43	688
2024-25	103	89	111	87	125	120	36	671
2025-26	86	107	70	102	106	120	30	626

Atendendo aos datos contidos no PEC e máis o reflectido no informe do noso centro logo da avaliación de competencias do alumnado de 2º ESO no curso 2024/25 a través do ISEC, o índice social e cultural do noso centro sería medio-baixo. O ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural) é unha medida do contexto socioeconómico do alumnado matriculado no centro. Calcúlase con información extraída dos cuestionarios cubertos polo alumnado e as súas familias. Este indicador segue tamén unha distribución normal de media 500 e desviación típica 100 N (500,100). A partir del, establécense 5 grupos ISEC: baixo, medio-baixo, medio, medio-alto e alto.

Con respecto á procedencia do noso alumnado, esta é moi variada, en parte polos nosos centros adscritos, onde destaca alumnado procedente dos veciños concellos de Campo Lameiro e Barro. Amais, o noso alumnado vén de Pontevedra cidade, principalmente da zona leste, das parroquias de Lérez, Xeve, Alba, Campañó, Cerponzóns e dos Concellos limítrofes de Poio (da zona da Barca).



Debido á oferta do Bacharelato na súa modalidade de Artes e máis ao Ciclo Medio en operacións de Laboratorio, amais das anteriores, tamén recibimos alumnado de outros concellos máis afastados como Sanxenxo, O Grove, Meis ou Cambados.

Como sinalamos anteriormente, unha parte importante do noso alumnado é usuario de transporte tanto das liñas do centro como de transporte público.

Esta situación dificulta a organización de actividades extraescolares fóra do horario lectivo pola necesidade do transporte para regresar á súa casa. Esta dependencia do transporte escolar é unha das características do noso Centro e do seu alumnado.

O alumnado de orixe estranxeira podemos dicir que ten un carácter testemuñal, se ben a cifra de alumnado procedente do estranxeiro sufriu un incremento nos últimos anos. 37 dos nosos 626 alumnos e alumnas naceron fóra de España, o que representa o 5.91% do total.

Con respecto ás necesidades específicas de apoio educativo ou a outros aspectos que poidan condicionar o proceso de ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas, debemos sinalar que durante este curso escolar tivemos 13 alumnos e alumnas con adaptación curricular. Este alumnado estaría incluído dentro dos 174 alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, o que supón case un 28% do noso alumnado.

Cabe sinalar o enorme incremento de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que estamos a experimentar nos últimos anos.

Para finalizar, faremos referencia a que 9 dos nosos alumnos están vinculados dalgún xeito co Centro Príncipe Felipe. Destes, 5 están internos.

Se nos centramos no rendemento académico, este é mellor nos cursos de 3º e 4º da ESO e son mellorables en 1º da ESO e sobre todo en 2º de bacharelato.

PORCENTAXE DE APROBADOS POR NIVEL E ANO ACADÉMICO								
CURSO	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH	CICLO MED 1º	CICLO MED 2º
2021-22	91,11	92,30	84,33	83,52	81,81	75,00	60,00	53,85
2022-23	79,31	90,80	81,73	71,42	90,00	76,66	52,63	33,00
2023-24	88,30	85,50	81,00	88,40	93,20	73,20	71,40	63,60
2024-25	85,40	75,30	94,60	92,00	80,80	85,00	50,00	72,20

Outro dato interesante á hora de avaliar o rendemento, é a porcentaxe de aprobados na ABAU e a nota media da mesma. Para iso faremos referencia á convocatoria ordinaria por ser a máis significativa.

RESULTADOS DO ALUMANDO PRESENTADO Á ABAU CONVOCATORIA ORDINARIA					
ANO ACADÉMICO	PRESENTADOS/AS	APROBADOS/AS	% APROBADOS	NOTA MEDIA	DIF. BAC
2021/22	66	56	86	5.58	1.90
2022/23	63	53	84	5.81	1.60
2023/24	73	72	99	6.74	0.81
2024/25	58	55	95	6.604	1.21

A porcentaxe de aprobados mantense en porcentaxes similares aos da media galega ao igual que a diferenza entre a nota obtida no bacharelato e a obtida nestas probas.

1.5. PROFESORADO

Se temos en consideración a configuración do Claustro de profesorado deste curso, pero tendo en conta a situación da reposición do profesorado xubilado de cara ao curso 2026/27, temos que a plantilla está formada por 58 docentes (a estes habería que sumar unha docente “PROA” a media xornada e unha docente de Relixión Evanxélica “compartida” con outros dous centros).

Un feito a destacar en relación ao profesorado é que nos últimos anos estase a estabilizar a plantilla. De cara ao curso 2026/27 o 86% do profesorado ten destino definitivo no centro cando en anos atrás un de cada catro docentes era provisional.

DEPARTAMENTOS	DEFINITIVOS	PROVISIONAIS	TOTAL
Lingua Galega e Literatura	5	1	6
Lingua Castelá e Literatura	5	0	5
Matemáticas	4	1	5
Xeografía e Historia	3	1	4
Ciencias Naturais e Bioloxía	2	0	2
Física e Química	3	0	3
Inglés	4	0	4



Francés	2	0	2
Tecnoloxía	3*	1	4
Educación Plástica e Visual	5	0	5
Educación Física	2	2	4
Música	2	1	3
Filosofía	2	0	2
Economía	1	0	1
Latín	1	0	1
Grego	0	0	0
Orientación	1	1	2
Relixión católica	1	0	1
Laboratorio CM	4	0	4
TOTAL	50	8	58
	86%	14%	100%

1.6. PERSOAL NON DOCENTE

No tocante ao persoal de administración e servizos, o centro conta con dous administrativos, dous conserxes e catro limpadoras.



2. FERRAMENTAS E METODOLOXÍA EMPREGADAS NA ANÁLISE

2.1. ALUMNADO

Para coñecer a situación do alumnado en relación coa lectura, a escritura e o acceso á información, realizouse unha enquisa dirixida ao alumnado do centro, coa que se recolleron entre 305 e 327 respostas, segundo a pregunta analizada.

A análise realizouse a partir de táboas dinámicas elaboradas en Excel, o que permitiu obter datos cuantitativos precisos e identificar tendencias significativas no alumnado. Igualmente, permitiu rocoñecer tendencias comúns, necesidades e posibles liñas de actuación para a mellora destas competencias no marco do PLEA do centro.

2.2. PROFESORADO

Para coñecer a situación do centro en relación coa lectura, a escritura e o acceso á información nas aulas, realizouse unha enquisa dirixida ao profesorado dos distintos departamentos didácticos. A enquisa foi respondida por 17 departamentos, o que permitiu obter unha visión xeral das prácticas educativas relacionadas co desenvolvemento da competencia lectora, da expresión escrita e da competencia informacional do profesorado.

A análise das respostas permitiu identificar tendencias comúns, necesidades e posibles liñas de actuación para a mellora destas competencias no marco do PLEA do centro.

2.3. FAMILIAS

Para coñecer a percepción das familias en relación coa lectura, a escritura e o acceso á información, realizouse unha enquisa dirixida ás familias do alumnado do centro, coa que se recolleron de entre 184 e 191 respostas, segundo a pregunta analizada.

A análise realizouse mediante táboas dinámicas en Excel, o que permitiu obter datos cuantitativos precisos e identificar tendencias relevantes no ámbito familiar. Igualmente, permitiu identificar tendencias comúns, necesidades e posibles liñas de actuación para a mellora destas competencias no marco do PLEA do centro.

3. CONCLUSIÓNS SOBRE A SITUACIÓN DO CENTRO A NIVEL DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN

3.1. PROFESORADO

3.1.1. Avaliación da lectura do alumnado (Hora de ler)

En relación coa organización da Hora de Ler, obsérvase que a maior parte do profesorado afirma realizar momentos de lectura nas súas clases. Aproximadamente un 70 % do profesorado indica que existe un momento específico de lectura ou que se integra na dinámica da aula, mentres que o resto sinala que se realiza de maneira máis flexible ou puntual.

No que respecta ao tipo de actividades desenvolvidas durante este tempo, prevalece a lectura individual, mencionada pola maioría do profesorado. Nun número menor de casos tamén se realizan lecturas guiadas, compartidas ou en voz alta.

En canto ás dificultades observadas durante este tempo de lectura, as respostas coinciden en sinalar como principais problemas:

- a falta de concentración do alumnado,
- o escaso hábito lector,
- a dispersión ou interrupcións durante a actividade
- e as dificultades de comprensión lectora nalgúns estudantes.

Estas dificultades aparecen mencionadas na maior parte das respostas abertas do profesorado.

3.1.2. Avaliación da lectura nas clases

Os resultados indican que a lectura está presente no traballo habitual das materias. Aproximadamente un 80 % do profesorado afirma empregar textos nas súas clases, especialmente:

- textos expositivos,
- textos científicos,
- lecturas literarias
- e análise de textos.

En relación coa práctica lectora na aula, arredor de un 65 % do profesorado indica que le en voz alta ou simultaneamente co alumnado, mentres que o resto sinala que o alumnado realiza a lectura de forma autónoma.

Tamén se observa que a maioría do profesorado selecciona lecturas relacionadas cos contidos da materia, aínda que aproximadamente un 25 % indica que non solicita lecturas específicas ou que o fai de maneira puntual.

Respecto ao uso da biblioteca escolar, as respostas mostran unha utilización desigual: unha parte do profesorado afirma empregar os seus recursos ocasionalmente, mentres que outro grupo indica que non recorre habitualmente a este servizo.

3.1.3. Avaliación da escrita nas clases

No ámbito da escrita, a maioría do profesorado (aproximadamente o 80 %) afirma propoñer actividades de expresión escrita ao alumnado.

Entre os tipos de textos que se traballan con maior frecuencia destacan:

- textos expositivos,
- resumos,
- esquemas ou mapas mentais,
- textos argumentativos,
- e actividades de escrita creativa en menor medida.

As actividades máis habituais consisten na elaboración de resumos, organización de información e síntese de contidos, o que indica que a escritura se emprega fundamentalmente como ferramenta de aprendizaxe.

3.1.4. Acceso á información e competencia informacional

No relativo á procura e tratamento da información, obsérvase que a maioría do profesorado utiliza as TIC cando o alumnado realiza tarefas de investigación. Aproximadamente un 75 % afirma empregar ferramentas dixitais ou internet para este tipo de actividades.

Porén, tamén se detectan algunhas limitacións:

- parte do profesorado indica que non dispón de formación específica neste ámbito;
- o uso de música, imaxes ou materiais libres de dereitos non está xeneralizado;
- e a citación correcta das fontes non se traballa sempre de maneira sistemática.

Tamén se observa que a colaboración entre docentes en proxectos relacionados coa investigación ou co tratamento da información é reducida, xa que unha parte significativa das respostas indica que este tipo de coordinación non se produce con frecuencia.

3.1.5. Conclusión xeral

A análise da enquisa permite concluír que a lectura e a escrita están presentes nas prácticas docentes do centro, aínda que en moitos casos se traballan de maneira integrada nas materias e non sempre como parte dunha planificación común.

A lectura emprégase habitualmente como apoio para a comprensión dos contidos, mentres que a escrita se utiliza principalmente para a elaboración de resumos e organización da información.

No ámbito do acceso á información obsérvase un uso frecuente das TIC, aínda que sería conveniente reforzar o traballo relacionado coa avaliación crítica das fontes e co uso responsable da información.

3.1.6. Necesidades detectadas

A partir das respostas do profesorado, identifícanse algunhas necesidades que poden orientar o desenvolvemento do PLEA no centro.

En primeiro lugar, considérase conveniente reforzar a coordinación entre materias para integrar de maneira máis sistemática actividades de lectura e escritura no proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamén se detecta a necesidade de potenciar o uso da biblioteca escolar como recurso para o traballo con textos e para a realización de tarefas de investigación.

Finalmente, sería recomendable reforzar o desenvolvemento da competencia informacional do alumnado, especialmente no relativo á busca, selección e valoración crítica da información.

3.1.7. Propostas de mellora

Entre as posibles actuacións de mellora propónse continuar reforzando a presenza da lectura nas distintas materias, favorecendo a utilización de textos relacionados cos contidos curriculares.

Así mesmo, recoméndase impulsar actividades que contribúan ao desenvolvemento da competencia escrita do alumnado, incorporando tarefas que impliquen a elaboración de diferentes tipos de textos.

Por outra banda, sería conveniente promover actividades que fomenten o acceso crítico á información, incidindo na busca de fontes fiables, na correcta citación das mesmas e no uso responsable dos recursos dixitais.

Finalmente, podería potenciarse o uso da biblioteca escolar como espazo de apoio ás actividades de lectura, escritura e investigación.

3.2. ALUMNADO

3.2.1. Avaliación da lectura do alumnado (*Hora de ler*)

Os datos evidencian unha implantación limitada da Hora de Ler no centro. Só 37 alumnos de 325 (11 %) indican que esta práctica se realiza diariamente, fronte a 288 (89 %) que sinalan que non se desenvolve de forma sistemática.

Non obstante, 188 de 305 alumnos (62 %) consideran que o centro promove a lectura, o que indica unha diferenza entre a percepción do alumnado e a práctica real nas aulas.

En relación cos materiais empregados, obsérvase un claro predominio dos libros de ficción (96 respostas), fronte a unha presenza menor de libros informativos, prensa ou revistas.

3.2.2. Avaliación da lectura nas clases

A análise das respostas indica que a actividade principal durante os momentos de lectura é a lectura individual en silencio, aínda que tamén se detecta a presenza doutras prácticas que reducen o tempo efectivo de lectura. Entre estas actividades destacan:

- a realización de tarefas atrasadas,
- a visualización de vídeos,
- conversacións entre alumnado,
- e as actividades non directamente relacionadas coa lectura.

Isto suxire que o tempo destinado á lectura non sempre se utiliza de maneira exclusiva, o que dificulta a consolidación do hábito lector.



3.2.3. Avaliación da escrita nas clases

En relación coa escrita, obsérvase que 134 de 324 alumnos (aprox. 55 %) indican que lles gusta escribir, mentres que o resto manifesta menor interese.

Os datos mostran que a escrita está maioritariamente asociada á obrigação académica:

- 151 alumnos indican que escriben principalmente cando teñen deberes
- e un número menor afirma escribir por iniciativa propia.

As actividades máis frecuentes inclúen:

- respostas a exercicios do libro,
- elaboración de resumos,
- realización de esquemas,
- e traballos de investigación.

En canto á organización do traballo, predomina a realización de tarefas de forma individual, aínda que tamén se rexistran actividades en parellas ou en pequenos grupos.

3.2.4. Acceso á información e competencia informacional

Os datos amosan un uso maioritario das ferramentas dixitais para a realización de tarefas de investigación.

En relación coas competencias dixitais, obsérvase que:

- unha maioría do alumnado afirma saber empregar procesadores de texto, inserir imaxes e utilizar hipervínculos;
- non obstante, 178 alumnos indican que non saben identificar correctamente un hipervínculo, o que revela unha limitación relevante.

Tamén se detecta que:

- o alumnado emprega maioritariamente internet como fonte principal de información
- e o uso de libros da biblioteca escolar como apoio aos traballos é reducido (256 respostas negativas).

En canto á avaliación da información, obsérvase que:

- unha parte significativa do alumnado manifesta dificultades para determinar se unha páxina web é fiable
- e existe unha tendencia a empregar información sen un proceso crítico suficiente.

3.2.5. Uso da biblioteca e recursos

Os datos indican un uso limitado da biblioteca escolar como recurso de apoio ao aprendizaxe:

- a maioría do alumnado non emprega libros da biblioteca para realizar traballos
- e tampouco consulta habitualmente índices ou materiais físicos.

En cambio, obsérvase un maior uso de:

- recursos dixitais,
- buscadores en internet,
- e contidos xa procesados.

3.2.6. Conclusión xeral

A análise da enquisa amosa que o alumnado presenta unha relación coa lectura, a escrita e o acceso á información fortemente condicionada polo contexto escolar.

Destacan especialmente:

- a escasa implantación sistemática da Hora de Ler,
- o predominio da lectura individual,
- a escrita vinculada principalmente ás tarefas obrigatorias,
- e o uso maioritario de fontes dixitais fronte ás fontes bibliográficas.

Así mesmo, obsérvase a necesidade de reforzar a competencia informacional, especialmente no relativo á análise crítica da información.

3.2.7. Necesidades detectadas

Tras a análise dos datos, as necesidades detectadas serían as seguintes:

- implantar de xeito efectivo a Hora de Ler,
- consolidar o hábito lector no alumnado,
- garantir o uso efectivo do tempo de lectura,
- incrementar a motivación cara á escrita,
- fomentar o uso da biblioteca escolar
- e desenvolver a capacidade crítica na busca e selección de información.

3.2.8. Propostas de mellora

Tras a análise dos datos, as propostas de mellora serían as seguintes:

- establecer de maneira sistemática a Hora de Ler en todas as aulas,
- promover actividades lectoras máis variadas e motivadoras,
- introducir tarefas de escritura máis significativas e contextualizadas,
- traballar a avaliación crítica das fontes de información,
- fomentar o uso combinado de fontes dixitais e bibliográficas,
- e potenciar o papel da biblioteca escolar como recurso educativo.

3.2.9. Relación entre os resultados do profesorado e do alumnado

A análise conxunta das enquisas realizadas ao profesorado e ao alumnado amosa unha clara coherencia nos resultados obtidos.

Por unha banda, o profesorado sinala dificultades relacionadas coa falta de hábito lector e coa concentración do alumnado, aspecto que se confirma nas respostas do alumnado, onde se evidencia unha escasa implantación sistemática da Hora de Ler e unha utilización non sempre efectiva deste tempo.

Así mesmo, ambos coinciden en que a lectura e a escrita están presentes nas aulas, aínda que frecuentemente vinculadas ao desenvolvemento dos contidos das materias e non sempre como prácticas planificadas de maneira específica.

No ámbito do acceso á información, obsérvase tamén coincidencia na predominancia do uso de fontes dixitais e na necesidade de reforzar a competencia informacional, especialmente no relativo á selección, análise e uso crítico da información.

En conxunto, os resultados obtidos permiten identificar liñas de actuación comúns que reforzan a necesidade de consolidar o desenvolvemento do PLEA no centro.

3.3. FAMILIAS

3.3.1. Hábitos de lectura no fogar

Os datos indican que existe unha valoración positiva da lectura no ámbito familiar. Un 86 % das familias afirma que os seus fillos reciben libros como agasallo, o que evidencia unha consideración favorable cara á lectura.

Non obstante, este interese non sempre se traduce en prácticas habituais. Só 82 de 191 familias (43 %) indican que empregan o préstamo de libros en bibliotecas, mentres que a maioría (57 %) non fai uso deste recurso.

Ademais, aínda que unha parte relevante das familias afirma compartir momentos de lectura cos seus fillos (aprox. 54 %), unha porcentaxe tamén significativa non realiza esta práctica de maneira habitual.

3.3.2. Apoio á lectura e participación

En relación coa participación no centro, obsérvase unha implicación moderada:

- 99 de 190 familias (≈52 %) participan en actividades de lectura,
- mentres que un 48 % non participa.

Así mesmo, a asistencia a actividades culturais relacionadas coa lectura (teatro, contacontos) é limitada:

- 54 de 190 familias (28 %) acoden a este tipo de actividades,
- fronte a un 72 % que non participa.

Estes datos indican que existe marxe de mellora na implicación das familias nas actividades lectoras promovidas polo centro.

3.3.3. Escrita no ámbito familiar

Os resultados mostran que a escrita do alumnado está fundamentalmente asociada ás tarefas escolares. As familias indican que os seus fillos escriben principalmente:

- cando teñen deberes (categoría maioritaria)
- e, en menor medida, de forma espontánea.

Ademais, aínda que unha parte significativa do alumnado manifesta interese pola escritura, esta non se presenta como unha actividade habitual no ámbito doméstico, senón vinculada ao contexto académico.

3.3.4. Acceso á información e tarefas de investigación

Os datos amosan unha presenza relevante das tarefas de investigación no ámbito escolar:

- 145 de 190 familias (76 %) indican que os seus fillos realizan tarefas de investigación
- e 137 de 188 (73 %) sinalan que o profesorado envía este tipo de tarefas para casa.

Ademais, 122 de 184 familias (66 %) consideran que os seus fillos reciben indicacións claras para desenvolver estas tarefas.

Por outra banda, obsérvase que:

- só 17 de 191 familias (9 %) indican que o profesorado solicita a súa colaboración directa,
- e a maioría (91 %) non participa neste proceso.

En canto á percepción das familias:

- o 80 % considera que ten capacidade para axudar aos seus fillos,
- mentres que un 20 % percibe limitacións.

3.3.5. Comunicación centro–familias

Os datos indican unha situación equilibrada na comunicación: arredor da metade das familias afirma recibir información sobre actividades relacionadas coa lectura e a escritura, mentres que a outra metade indica non recibir este tipo de información de maneira habitual. Isto suxire a necesidade de reforzar as canles de comunicación coas familias.

3.3.6. Conclusión xeral

A análise da enquisa evidencia que as familias presentan unha actitude xeralmente positiva cara á lectura, aínda que esta non sempre se traduce en prácticas consolidadas no fogar.

Destaca especialmente:

- a baixa utilización da biblioteca,
- a participación moderada nas actividades do centro,
- a lectura compartida non xeneralizada,
- e a escrita vinculada fundamentalmente ás tarefas escolares.

No ámbito da investigación, obsérvase unha presenza significativa destas actividades, aínda que con pouca implicación directa das familias.

3.3.7. Necesidades detectadas

Tras a análise dos datos, as necesidades detectadas serían as seguintes:

- fomentar o uso da biblioteca no ámbito familiar,
- incrementar a participación das familias en actividades lectoras,
- promover hábitos de lectura compartida no fogar,
- reforzar a comunicación entre centro e familias
- e facilitar orientacións para apoiar as tarefas de investigación.

3.3.8. Propostas de mellora

Tras a análise dos datos, as propostas de mellora serían as seguintes:

- promover campañas de dinamización da lectura no fogar,
- facilitar recomendacións de lectura para familias,
- fomentar actividades con participación familiar,
- reforzar os canais de comunicación do centro
- e ofrecer orientacións prácticas para apoiar o alumnado nas tarefas.

3.4. SÍNTESE GLOBAL DO CENTRO

A análise conxunta das enquisas realizadas ao profesorado, ao alumnado e ás familias permite obter unha visión global e coherente da situación do centro en relación coa lectura, a escritura e o acceso á información.

Os resultados amosan coincidencias significativas entre os tres sectores. En primeiro lugar, conséntase que a lectura está presente nas prácticas educativas, aínda que non sempre se desenvolve de maneira sistemática nin cunha planificación común, destacando a necesidade de reforzar a implantación efectiva da Hora de Ler.



En segundo lugar, obsérvase que a escrita se emprega fundamentalmente como ferramenta asociada ás tarefas académicas, tanto desde a perspectiva do profesorado como do alumnado e das familias, sendo necesario avanzar cara a propostas máis motivadoras e diversificadas.

No ámbito do acceso á información, os tres grupos coinciden no predominio das fontes dixitais, así como na necesidade de reforzar a competencia informacional, especialmente no relativo á selección, análise e uso crítico da información.

Finalmente, no caso das familias, detéctase unha actitude positiva cara á lectura, aínda que con marxe de mellora na participación en actividades do centro e no fomento de hábitos lectores no fogar.

En conxunto, os resultados obtidos permiten definir liñas de actuación comúns que xustifican a necesidade de consolidar e desenvolver o Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) como eixo fundamental para a mellora das competencias clave do alumnado.

4.- OBOECTIVOS PLEA DO IES A XUNQUEIRA I

A redacción dos obxectivos do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información do noso centro responden á necesidade de propor un documento que sexa áxil para que o claustro teña en mente o traballo en competencia lectora que terá que facer os próximos 4 anos.

Para favorecer isto, propóñense obxectivos medibles que faciliten a posterior avaliación dos mesmos. Os obxectivos xerais son:

- A. Empregar a biblioteca escolar como centro de recursos para a lectura, a escritura e o acceso á información.**
- B. Organizar un itinerario de centro para mellorar a competencia lectora e o hábito lector.**
- C. Elaborar un itinerario de producións escritas, secuenciado por niveis, para mellorar a expresión escrita do alumnado e o gusto pola mesma**
- D. Diseñar un plan integral de acceso á información, secuenciado por niveis, para mellorar capacidade do alumnado de buscar, seleccionar e analizar información.**

Froito destes obxectivos xerais emanan os obxectivos específicos vinculados a cada unha dos ámbitos de actuación que guiarán as liñas de actuación que se desenvolverán ao longo dos vindeiros catro anos.

Así teríamos:

- A. Empregar a biblioteca escolar como centro de recursos para a lectura, a escritura e o acceso á información.**
 - 1. Incluír entre as tarefas obrigatorias dos titores e titoras (Plan de acción tutorial) o coñecemento da biblioteca (organización e funcionamento) e a transmisión destes coñecementos ao grupo titorizado, para integrar a profesorado e alumnado nas actividades da biblioteca.
 - 2. Realizar desde a biblioteca seleccións bibliográficas, para adaptar as compras e a selección de obras ás temáticas que se ofrecen no Tempo de Lectura.
 - 3. Ofrecer desde a biblioteca ou desde os departamentos roteiros literarios ou visitas de escritores, para complementar o coñecemento de autores e obras por parte do alumnado.
 - 4. Convocar desde a biblioteca obradoiros de escritura creativa, para asimilar técnicas e recursos aplicables á expresión escrita.
 - 5. Promover desde a biblioteca actividades na que participen as familias (lectura compartida, club de lectura...), para facer partícipes ás familias na formación lectora dos seus fillos e fillas.
- B. Organizar un itinerario de centro para mellorar a competencia lectora e o hábito lector.**
 - 1. Planificar un Tempo de Lectura diaria de entre 15-20 minutos durante ás clases, para que o profesorado poida encaixar esta actividade dentro da súa labor docente.
 - 2. Observar a diversidade (alumnado con necesidades específicas de apoio educativo) e o comportamento do grupo nos primeiros días, para seleccionar textos adaptados ás súas circunstancias.
 - 3. Realizar pequenas actividades como a busca de palabras no dicionario, a resposta a preguntas de comprensión lectora, o intercambio de información entre o grupo, debates sinxelos, etc., para favorecer a comprensión lectora do alumnado.
 - 4. Elaborar un banco de lecturas específicas relacionadas coa materia de cada departamento (lista de libros, textos, etc.), en distintos soportes (en papel e en dixital) e de diferente



tipoloxía textual (obras de ficción en distintos xéneros literarios -narrativa, poesía, teatro, cómic, ensaio-, libros informativos, textos periodísticos, revistas, infografías, gráficos, etc.), para asegurar a oferta variada de lecturas entre o alumnado.

C. Elaborar un itinerario de producións escritas, secuenciado por niveis, para mellorar a expresión escrita do alumnado e o gusto pola mesma.

1. Elaborar de xeito consensuado con varios departamentos un documento xeral relacionado coa presentación de traballos escritos (estrutura, forma, citación de fontes, etc.), para manter un criterio común na avaliación de textos escritos.
2. Avaliar, sinalar e corrixir nos textos escritos polo alumnado, e en calquera materia, posibles erros de carácter formal (estrutura do texto, citación de fontes, marxes, tamaño de letra, etc.) e de carácter lingüístico (coherencia, cohesión, adecuación, corrección ortográfica), seguindo os materiais xerais elaborados previamente, para favorecer a mellora na competencia escrita de todo o alumnado.
3. Seleccionar e recoller con regularidade textos de creación de distinta natureza para a revista do centro, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento da escrita e a participación en actividades do centro.
4. Desenvolver actividades de escritura creativa guiada ben para en sesións posteriores facer una lectura individual ou en grupo, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento da escrita e da escoita activa ou ben para a participación en concursos de creación literaria.
5. Realizar **actividades diversas a partir de textos escritos**, máis alá do tradicional resumo, esquema ou mapa conceptual, como a elaboración dun guión de podcast, unha entrevista ficticia, unhas instrucións, un fío informativo para redes sociais, unha infografía, etc., adaptadas aos contidos de cada materia, para favorecer a creación de textos diversos e atractivos para o alumnado

D. *Deseñar un plan integral de acceso á información, secuenciado por niveis, para mellorar capacidade do alumnado de buscar, seleccionar e analizar información.*

1. Ofertar un itinerario, dentro do PFPP, para a formación do profesorado en ALFIN/AMI.
2. Elaborar de xeito consensuado con varios departamentos un documento xeral relacionado coa busca, selección, tratamento e transmisión da información.
3. Deseñar e avaliar tarefas relacionadas coa busca e selección de información na internet e/ou en fontes bibliográficas.
4. Elaborar un banco de tarefas por departamentos relacionadas coa busca, selección, tratamento e transmisión da información.



5. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS

5.1. Resumo estatístico da enquisa ao profesorado

Indicador analizado	Resultado
Número total de docentes participantes	17 docentes
Profesorado que realiza actividades de lectura nas súas clases	≈ 80 %
Profesorado que establece momentos específicos de lectura (Hora de ler)	≈ 70 %
Profesorado que propón actividades de escritura ao alumnado	≈ 80 %
Profesorado que emprega as TIC en tarefas de investigación	≈ 75 %
Profesorado que utiliza recursos da biblioteca escolar de maneira habitual	≈ 40-50 %
Profesorado interesado en recibir formación sobre competencia informacional	≈ 60 %

4.2. Resumo estatístico da enquisa ao alumnado

Indicador analizado	Resultado
Alumnado que afirma ter Hora de Ler diaria	11 % (37 de 325)
Alumnado que non ten Hora de Ler diaria	89 % (288 de 325)
Alumnado que considera que o centro anima á lectura	62 % (188 de 305)
Alumnado que non percibe ese estímulo	38 % (117 de 305)
Alumnado que participa en actividades da biblioteca	aprox. 40-45 % (134 de 306)
Alumnado ao que lle gusta escribir	aprox. 55 % (134 de 324)
Alumnado que escribe principalmente por obrigação (deberes)	maioría (>60 %)
Alumnado que emprega TIC para investigar	maioría (>65 %)



4.3. Resumo estatístico da enquisa ás familias

Indicador analizado	Resultado
Familias que indican que os seus fillos reciben libros como agasallo	86 % (164 de 191)
Familias que adoitan levar libros en préstamo	43 % (82 de 191)
Familias que non utilizan o préstamo bibliotecario	57 % (109 de 191)
Familias que participan en actividades de lectura no centro	≈ 52 % (99 de 190)
Familias que non participan	≈ 48 % (91 de 190)
Familias que len cos seus fillos de maneira habitual	≈ 54 % (103 de 191)
Familias que non comparten lectura de forma habitual	≈ 46 % (88 de 191)
Familias que consideran ter competencia para axudar	80 % (146 de 182)
Familias que perciben limitacións para axudar	20 % (36 de 182)